

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL DE SOLIDARIEDADE GALEGA  
3 DE MARZO DE 2012**

Na Coruña, na biblioteca da Casa Museo de Casares Quiroga (rúa Panadeiras, 12), sendo as once horas do día tres de marzo de dous mil doce, reúnese, en segunda convocatoria e en sesión ordinaria, a Asemblea Xeral da ONGD SOLIDARIEDADE GALEGA, previa convocatoria do seu presidente.

**ASISTENTES:**

**- XUNTA DIRECTIVA (6):**

Vicepresidente: Mónica María García Casás

Vogal 2ª.Mª Purificación Taibo Casás

Vogal 3ª: Guadalupe Pérez-Lafuente Leiro

Vogal 4ª: Concepción López Sánchez

Vogal 5ª: Lourdes Bermello López

Secretario: Antón Xosé González Artiaga

**- SOCIAS/OS (8):**

Roberto Méndez Gallart

Mª Josefa Pombo García

Moisés Rey Martínez

Josefa Rodríguez Agraso

Gloria Rodríguez López

María Salgado Mosquera

María Teresa Sagardía Redondo

Maria Victoria Torreiro González

**- ORDE DO DÍA:**

- 1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA CON DATA 26 DE MARZO DE 2011
- 2º.- ACTIVIDADES REALIZADAS EN 2011
- 3º.- APROBACIÓN E RATIFICACIÓN DE CONVENIOS
- 4º.- PROXECTOS EXECUTADOS EN 2011
- 5º.- PROXECTOS A EXECUTAR EN 2012
- 6º.- LIQUIDACIÓN E CONTAS DO EXERCICIO 2011
- 7º.- ORZAMENTO PARA O EXERCICIO DE 2012
- 8º.- LIBROS DE ACTAS E DE REXISTRO DE SOCIOS/AS  
PROCEDIMENTO PARA ALTAS E BAIXAS DE SOCIOS/AS
- 9º.- ROGOS E PREGUNTAS (QUENDAS DE INTERVENCIÓNS)

**1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA  
ASEMBLEA ANTERIOR, CELEBRADA CON DATA 26 DE ABRIL  
DE 2011.**

Aberta a sesión pola presidencia, dáse lectura á acta da Asemblea Xeral anterior celebrada con data 26 de marzo de 2011, que é aprobada por unanimidade dos asistentes.

## **2.- ACTIVIDADES REALIZADAS EN 2011.**

Dáse conta das seguintes actividades:

### - Funcionamento da ONGD en 2011:

A) *Asemblea Xeral*, celebrou a reunión ordinaria con data 26 de marzo de 2011, á que asistiron 17 socios/as, é dicir, un 7,5 % dos 225 socios/as.

B) *Xunta Directiva*, celebráronse en 2011 un total de sete reunións con datas 24 de xaneiro, 9 de marzo, 4 de abril, 23 de maio, 13 de xuño, 10 de outubro e 17 de decembro.

C) *Socias/os*: A 31 de decembro de 2011 as/os socias/os da ONGD son 214.

### - Actividades da ONGD en 2011:

1ª Encontro: “Espazo Solidario 2011”

Data: 19-02-2011 (Palexco)

Organiza: Concellaría de Mocidade do Concello da Coruña

2ª Actividade: Voz Natura 2011

Data: 4 de xuño de 2011

Organiza: La Voz de Galicia

3ª XII Congreso Internacional LEC sobre valores da cooperación.

Data: 8 de setembro de 2011

Organiza: Facultade de Filoloxía da UDC

4ª Actividade: “Xornadas sobre Cooperación Internacional”

Organiza: Universidade da Coruña - Ferrol

Oficina de Cooperación e Voluntariado”

Data: 26 de outubro de 2011

5ª Semana da Pobreza Cero

Organiza: Coordinadora Galega de ONGD

Data: do 10 ao 16 de xuño de 2011

Lugar: Obelisco (11 de outubro de 2011)

6ª III Congreso Internacional sobre prevención da cegueira nos países do sur”

Datas: 28 e 29 de outubro 2011.

Lugar: Logroño

7ª Asemblea Xeral da “Sociedad Española Contra la Ceguera en Países en Desarrollo”

Logroño, 27 de outubro 2011.

8ª Coordinadora Galega de ONGD:

- Solidariedade Galega rematou a súa primeira participación na Xunta Directiva en abril de 2011.

En outubro de 2011 un representante de Solidariedade Galega volve a integrar a Xunta Directiva da CGONGD.

- Continua formando parte da Comisión de Normativa e do Código de Conduta.

9ª Actividade: Mostra fotográfica Fondo Galego

“Nicaragua: Unha realidade viva”

Mostra itinerante polos Concellos de Galicia da colección “Nicaragua 2009”, realizada polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

10ª Presentación dos documentais: A) “Non che doe?”, sobre a execución do proxecto en Nueva Segovia en 2010, realizado pola ONGD Reporteiros Galegos Solidarios (Agareso). B) “O silencio dos mergulladores en Puerto Cabezas-Raan-Nicaragua”, realizado pola socia e voluntaria Antía González Pombo, sobre o traballo desenvolvido

en 2010 por voluntarias/os de Solidariedade Galega en relación coa paraplexia por descompresión na etnia miskita. C) Reportaxe da TVG sobre o proxecto de asistencia sanitaria especializada en oftalmoloxía, xinecoloxía e odontoloxía en El Rama-Raas-Nicaragua. Todos estes audiovisuais foron presentados nun acto na Fundación Paidella con data 22 de novembro de 2011.

11ª Presentación do libro “Una ONG en el mundo del silencio”, xunto con DVD con reportaxe e fotografías das campañas en Sechura (Perú) e Puerto Cabezas (Nicaragua)

A Asemblea Xeral queda informada e da a súa conformidade e aprobación ás actividades realizadas en 2011.

### **3º.- APROBACIÓN E RATIFICACIÓN DE CONVENIOS:**

Danse conta e sométense a ratificación e aprobación os seguintes convenios:

- A) Convenio entre Solidariedade Galega e Fundemuni, para a construción da 2ª fase do Instituto de Liderazgo de las Segovias (18/01/11)
- B) Convenio (143/2011) entre Solidariedade Galega e a Deputación Provincial da Coruña, para cofinanciar a construción da 2ª fase do Instituto de Liderazgo de las Segovias (08/07/11).
- C) Convenio entre Solidariedade Galega e Fundación Visiónmil, para a execución do proxecto de asistencia oftalmolóxica, xinecolóxica e odontolóxica no Concello de El Rama, RAAS, Nicaragua (27/06/2011).
- D) Convenio entre Solidariedade Galega e Instituto de Liderazgo de las Segovias, para a execución do proxecto 3ª fase da construción do ILLS, en Mozonte, Nueva Segovia (20/02/12).

A Asemblea Xeral acorda, por unanimidade dos asistentes, ratificar a aprobación dos convenios anteriormente relacionados,

#### **4º.- PROXECTOS EXECUTADOS EN 2011**

Durante o exercicio de 2011, executáronse os seguintes proxectos de axuda humanitaria e cooperación ao desenvolvemento:

- A – Proxecto El Rama/Nicaragua 2011
- B – Proxecto 2ª fase construción ILLS – Mozonte

#### **A – Proxecto El Rama/Nicaragua 2011**

Por parte do coordinador do proxecto Antón González Artiaga, infórmase á Asemblea Xeral da execución do proxecto de acción humanitaria en El Rama (RAAS) en Nicaragua, sendo o resumo o seguinte:

Realización: Agosto de 2011.

Resumo global das actividades das especialidades sanitarias:

<b>ESPECIALIDADE</b>	<b>CONSULTAS</b>	<b>INTERVENCIÓNS</b>	<b>ASIST. SESIONES</b>
<b>Oftalmoloxía</b>	1.627	110	8
<b>Odontoloxía</b>	374	-----	83
<b>Ginecoloxía</b>	534	-----	16
<b>TOTAL</b>	<b>2.535</b>	<b>110</b>	<b>107</b>

#### **OFTALMOLOXÍA**

<b>SEMANA</b>	<b>INTERVENCIÓNS OFTALMOLÓXICAS: 110</b>			<b>DOAZÓN GAFAS</b>
	<b>CATARATAS</b>	<b>PTERIGION</b>	<b>OTRA CIRURXÍA</b>	
Del 1 al 5	-----	-----	-----	85
Del 9 al 12	13	12	5	248
Del 15 al 19	19	24	3	278
Del 22 al 24	-----	29	5	94
<b>TOTAIS</b>	<b>32</b>	<b>65</b>	<b>13</b>	<b>725</b>

#### **ODONTOLOXÍA**

<b>SEMANA</b>	<b>EXODONCIAS</b>	<b>CIRURXÍAS MENORES</b>	<b>REVISIÓNS</b>
Del 9 al 12	185	8	14
Del 15 al 19	303	6	28
Del 22 al 24	186	5	22
<b>TOTAIS</b>	<b>674</b>	<b>19</b>	<b>64</b>

#### **XINECOLOXÍA**

SEMANA	CITOLOXÍAS	ECOGRAFÍAS	REV. MAMAS
Del 9 al 12	165	61	124
Del 15 al 19	204	93	148
Del 22 al 24	69	39	54
Hº. La Esperanza-MINSA	91	-----	-----
<b>TOTAIS</b>	<b>526</b>	<b>193</b>	<b>326</b>

Recursos humanos:

OFTALMOLOXÍA:

- Mª Josefa Pombo García, oftalmóloga
- Mª Herminia Pintado Conde, oftalmóloga
- Mª Rosa Arroyo Castillo, oftalmóloga
- Mª Teresa Sagardía Redondo, enfermeira

ODONTOLOXÍA:

- Loreto Pedrosa Torres, odontóloga
- Mª Purificación Taibo Casás, aux. enfermaría

XINECOLOXÍA:

- Alberto Castellano López, xinecólogo
- Mª Lourdes Bermello López, enfermeira

COORDINACIÓN:

- Antón González Artiaga, coordinador

MEMORÍA ECONÓMICA:

Concepto	Euros
A) Desprazamentos	15.646,28.-
B) Seguros	65,76.-
C) Taxas aeroporto	63,83.-
C) Aloxamento	141,84.-
D) Manutención	378,23.-
E) Dereitos Aduaneiros	735,09.-
F) Citoloxías	162,06.-
G) Outros gastos	67,87.-
<b>TOTAL</b>	<b>17.261,31.-</b>

Anulada a convocatoria de acción humanitaria da Xunta de Galicia para 2011, os ingresos alleos actuais para o proxecto ascenden a 2.541,54 €.

Completan a información as socias e voluntarias presentes que participaron no proxecto, Purificación Taibo Casás, Teresa Sagardía Redondo e Mª Josefa Pombo García

Debemos facer constar o agradecemento á empresa **Pescanova-Bajamar7**, polos envíos previos de material sanitario; á **ONGD Mano a Mano de Ibería** por facilitar a facturación dunha maleta máis por voluntaria/o; **Laboratorios ALCON** pola importante doazón de material cirúrxico para cirurxía oftalmolóxica; a **Ernesto García Ureta**, citólogo, e **Mª Teresa Fernández**, enfermeira, pola realización dos informes.

A Xunta Directiva queda informada da execución do proxecto, dando a súa aprobación a todo o actuado e agradecendo ás/aos voluntarias/os a súa participación e traballo.

### **B – Proxecto 2ª fase construción ILLS – Mozonte**

Con data 10 de marzo de 2011, coincidindo coa data de inauguración da 1ª fase de construción do ILLS, preséntase solicitude de axuda á Deputación Provincial da Coruña para o financiamento da segunda fase da construción do Instituto de Liderazgo de las Segovias.

Con data 25 de marzo de 2011, o Pleno Corporativo da Deputación Provincial da Coruña, aproba a concesión dunha axuda/achega por importe de 34.000,00 €, que representa o 74,89 % do orzamento da 2ª fase da construción do ILLS.

Con data 8 de xullo de 2011, asínase convenio de colaboración (143/2011) de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Ongd Solidariedade Galega, para cofinanciar a construción da segunda fase do Instituto de Liderazgo delas Segovias, en Nicaragua.

Asinado o convenio e comunicado a Fundemuni-ILLIS dita circunstancia, se inician os trámites e xestión para a súa execución (licitación, adxudicación, formalización do contrato, primeira entrega parcial da axuda, remate da obra, recepción das aulas e pagamento final), está pendente de sinalarse a data da inauguración da obra.

A Asemblea Xeral por unanimidade dos asistentes, acorda ratificar todo o actuado e acordado pola Xunta Directiva, e facer unha aprobación expresa da execución e xustificación deste proxecto segundo o acordado pola Xunta Directiva na súa reunión do día 27 de febreiro de 2012.

## **5º.- PROXECTOS A EXECUTAR EN 2012**

Dáse conta á Asemblea Xeral, das propostas presentadas á Xunta Directiva na súa reunión do 17 de decembro de 2011, para o exercicio de 2012:

### **A) Proxecto Togo 2012:**

Dáse conta e infórmase á Xunta Directiva da actividade de axuda humanitaria, programada por voluntarias/o de Solidariedade Galega, para a execución conxunta coa ONGD murciana Azul en Acción, do 9 ao 24 de marzo, a realizar na rexión de Kara, República de Togo, e da que xa tivo coñecemento a Comisión de Proxectos.

Esta colaboración, como a realizada o pasado ano en El Rama (Nicaragua), ten a súa motivación en que somos dúas organización sen ánimo de lucro fundadoras da Sociedade Española Contra a Cegueira nos Países en Vías de Desenvolvemento (SECCPVD) en setembro de 2010.

Solidariedade Galega aportará 3 voluntarias/o e Azul en Acción 21 voluntarias/os para executar un proxecto de asistencia sanitaria oftalmolóxica en instalacións que a ONGD murciana ten permanentemente en Kara-Togo.

Está previsto atender en consulta a 2.000 persoas e realizar sobre 200 cirurxías, a maioría cataratas e pterigions.

Como material para consulta e cirurxía as/o voluntarias/o de Solidariedade Galega achegarán tres caixas de 23 Kg. para executar o proxecto.

As/o voluntarias/o desta ONGD serán as/o socias/o M<sup>a</sup> Josefa Pombo García (Oftalmóloga); Antía González Pombo (Xornalista) e Antón González Artiaga (Loxista). Está previsto a elaboración dun blog para informar sobre a marcha do proxecto por parte da xornalista.

Aínda que se fixeron distintas xestións para o financiamento do proxecto, en principio será financiado na súa totalidade polos propias/o voluntarias/o, e por considerar que non é un proxecto que cumpra as condicións mínimas acordadas pola Asemblea Xeral sobre tempo de duración ( 3 semanas mínimo) de calquera proxecto.

A Asemblea Xeral queda informada e aproba a realización do proxecto Togo 2012 nas condicións sinaladas anteriormente, nomeando coordinador do proxecto en nome desta ONGD ao secretario de Solidariedade Galega, Antón González Artiaga.

### **B) Solicitud de axuda á Deputación Provincial da Coruña, para cofinanciar a 3ª fase da construción do Instituto de Liderazgo de Las Segovias:**

Rematada, con data 20 de febreiro de 2012, a segunda fase da construción do centro “Instituto de Liderazgo de las Segovias”, en Mozonte, Departamento de Nueva Segovia, Nicaragua; a proposta da nosa contraparte en Nicaragua, a Fundación Instituto de Liderazgo de las Segovias (ILLS), someteuse á aprobación da Xunta Directiva, na súa reunión don pasado 27 de febreiro, a iniciativa de solicitar á Deputación Provincial da Coruña, unha nova axuda destinada a financiar a terceira fase do devandito centro, para construción dun segundo bloque de aulas (dúas aulas didácticas e unha batería de servizos sanitarios).

Segundo o orzamento presentado o financiamento desta segunda fase é o seguinte:

- Axuda solicitada á Deputación Provincial de A Coruña .....	40.000,00 €
- Achega con fondos propios da Fundación ILLS .....	13.338,29 €
<u>Total .....</u>	<u>53.338,29 €</u>

A Xunta Directiva, por unanimidade dos membros presentes, acordou: a) Aprobar a proposta de solicitude de axuda recibida do ILLS; b) Aprobar o convenio de colaboración entre Solidariedade Galega e o ILLS, e; c) Facultar ao secretario da Xunta Directiva, Antón González Artiaga, para que realice, en nome desta ONGD, todas as xestións e formalidades que o desenvolvemento deste proxecto sexan necesarias executar

A Asemblea Xeral queda informada e ratifica a solicitude de axuda á Deputación Provincial da Coruña, para cofinanciar a 3ª fase da construción do Instituto de Liderazgo de Las Segovias e segundo o acordado pola Xunta Directiva.

### **C) Solicitude de axuda na convocatoria da Xunta de Galicia para microproxectos:**

Dáse conta á Asemblea Xeral da solicitude de axuda presentada á Xunta de Galicia, dentro da convocatoria para microproxectos 2012 denominado “Formación en saúde sexual e reprodutiva a liderazgos novos comunitarios no Norte de Nicaragua” cun orzamento total de 26.862,00 € (24.462,00 € axuda solicitada e 2.400,00 € achega da contraparte local ILLS); sendo o coordinador o socio Xosé Manuel Pérez Otero.

Asemblea Xeral, por unanimidade dos asistentes, acorda ratificar o acordado pola Xunta Directiva en relación co presente asunto.

### **D) Outras iniciativas de posibles proxectos de axuda humanitaria, pero que por motivos de falta de financiamento ou problemas loxísticos e de desprazamento, non poderán ser executados, quedando para próximas campañas:**

- Proxecto en San Rafael del Norte, Jinotega, Nicaragua (Asistencia sanitaria especializada).
- Proxecto en El Rama, Raas, Nicaragua (como continuación do proxecto de 2011).
- Proxecto sobre Saúde Oftalmolóxica en Jean Rabel, Departamento do Noroeste de Haiti.

## **6º.- LIQUIDACIÓN E CONTAS DO EXERCICIO 2011**

Por parte da tesouraría da ONGD, preséntase á Asemblea Xeral a liquidación e contas correspondentes ao exercicio de 2011, sendo o seu resumo o seguinte:

### **CONTAS ANUAIS 2011**

#### **INGRESOS**

<b>Totais Ano 2011</b>	<b>66.074,58 €</b>
------------------------	--------------------

Cotas Socios	12.851,00 €
Devolucións	- 1.226,00 €
<b>Socios - Devolucións</b>	<b>11.625,00 €</b>

Lotaría	7.500,00 €
Xuros entidades financeiras	0,22 €
Ingreso comp. proxecto 2010	1.183,72 €
Deputación A Coruña (ILLS)	32.761,50 €
Concello de Oleiros (Prox 2010)	6.000,00 €
Fund. Esp. Dermatoloxía	600,00 €
Soc. Esp. Medicina Intensiva	1.000,00 €
Universidade da Coruña	70,00 €
Universidade da Coruña	115,38 €
Doazóns particulares	5.218,76 €
<b>TOTAL INGRESOS 2011</b>	<b>66.074,58 €</b>

#### **GASTOS**

<b>Totais Ano 2011</b>	<b>57.703,73 €</b>
------------------------	--------------------

<b>Gastos Correntes</b>	
Cordinadora Galega ONGD 2011	150,00 €
Soc.Esp.Contra Cegu (2010-2011)	1.000,00 €
Teléfono	215,35 €
Seguros	150,36 €
Correo	123,55 €

Páxina Web (210-2011)	430,38 €
Material oficina	42,75 €
Publicación mergullo Imprenta	1.260,00 €
Adquisición Lotaría Nadal 2011	6.000,00 €
Gastos Bancarios	180,07 €
<b>TOTAL Gastos Correntes</b>	<b>9.552,46 €</b>

<b>Proxecto 1</b>	<b>Deputación - ILSS</b>
A Fundemuni ILLS (2º pago da 1ª fase Deputación da Coruña)	12.361,50 €
A Fundemuni ILLS (1º pago da 2ª fase Deputación da Coruña)	20.400,00 €
<b>TOTAL Deputación-ILLS</b>	<b>32.761,50 €</b>

<b>Proxecto 2</b>	<b>El Rama - Raas</b>
Desprazamentos e combustible	13.775,09 €
Dereitos aduaneiros do material	735,09 €
Seguros	65,76 €
Aloxamento e manutención	520,07 €
Taxas aeroporto	63,83 €
Análise citoloxías en Nicaragua	162,06
Outros gastos diversos	67,87
<b>TOTAL El Rama-Raas</b>	<b>15.389,77 €</b>

<b>TOTAL GASTOS 2011</b>	<b>57.703,73 €</b>
--------------------------	--------------------

### **BALANCE ANUAL DE 2011**

TOTAL DE INGRESOS 2011	+ 66.074,58 €
TOTAL DE GASTOS 2011	- 57.703,73 €
<b>BALANCE</b>	<b>+ 8.370,85 €</b>

A Asemblea Xeral, por unanimidade dos asistentes, acordan aprobar as contas e liquidación do exercicio de 2011.

## **7º.- ORZAMENTO PARA O EXERCICIO DE 2012**

Preséntase á Asemblea Xeral o Orzamento para o exercicio de 2012 e que seguidamente se resume:

### **ESTADO DE INGRESOS:**

- Cotas de socios/as .....	10.000,00 €
- Doazóns privadas .....	1.000,00 €
- Venda de Lotaría Nadal .....	7.500,00 €
- Subvencións públicas .....	<u>64.462,00 €</u>
- <u>Total de ingresos 2012 .....</u>	<u>82.962,00 €</u>

Comentarios:

- Previsión de baixas como socias/os da asociación durante 2012.
- Previsión de menos ingresos por doazóns privadas.
- Nas subvencións públicas actualmente só temos en conta as solicitudes presentadas (Deputación 40.000,00 € e Xunta 24.462 €), pero a súa concesión pode variar o montante orzado inicialmente.

### **ESTADO DE GASTOS:**

- Persoal .....	0,00 €
- Gastos formación .....	3.000,00 €
- Gastos correntes .....	8.000,00 €
- Gastos investimentos .....	5.100,00 €
- Proxectos 2012 .....	<u>66.862,00 €</u>
- <u>Total de gastos 2012 .....</u>	<u>82.962,00 €</u>

Comentarios:

- A consignación para cursos ten como finalidade facilitar a asistencia das/os socias/os voluntarias/os a cursos de formación en axuda humanitaria e cooperación ao desenvolvemento.
- O crédito para gastos correntes pretende financiar os habituais de teléfono, páxina web, papelería, cotas a asociacións de cooperación, correo postal e gastos bancarios, como tamén dun futuro pintado exterior da sede social.
- O gasto en investimento está pensado en adquirir material informático para a sede social.
- O crédito dos proxectos están en relación coas solicitudes formuladas á Deputación Provincial (3ª fase do ILLS) e a Xunta (microproxectos).

A Asemblea Xeral aproba, por unanimidade dos asistentes, o Orzamento para o exercicio de 2012, polo importe de 82.962,00 €.

## **8º.- LIBROS DE ACTAS E DE REXISTRO DE SOCIOS/AS PROCEDIMENTO PARA ALTAS E BAIXAS DE SOCIOS/AS**

Dáse conta da proposta da Xunta Directiva, aprobada na súa reunión do pasado 27 de febreiro do actual, e que seguidamente se reproduce:

*“Por unha banda, aínda que existe Libro de Socios/as e Actas dos Órganos de Goberno (Asemblea Xeral e Xunta de Goberno), o que non consta e que figuren dilixenciados administrativamente; polo que se propón que na próxima Asemblea Xeral se aprobe que o Libro de Socios/as e os Libros de Actas da Asemblea e Xunta sexan dilixenciadas pola Administración competente.*

*Por outra banda, e en relación coas altas e baixas de socios/as é necesario, sobre todo as baixas, a que se tramiten segundo o disposto no artigo 11 dos Estatutos, en especial cando o motivo é a falta de pagamento das cotas como socio/a, letra i) do artigo 11.2. “.*

A Asemblea Xeral acorda, por unanimidade dos asistentes, ratificar o acordo da Xunta Directiva do pasado 27 de febreiro de 2012.

## **9º.- ROGOS E PREGUNTAS (QUENDAS DE INTERVENCIONS)**

Por parte da secretaría da ONGD solicita dos asistentes a súa opinión sobre o funcionamento da asociación e a pouca implicación das/os socias/os no traballo e actividades a desenvolver, solicitando unha reflexión cara ao futuro da propia ONGD, sendo exemplo do dito, de que na presente Asemblea Xeral só asisten o 6 % dos socios/as (14 de 214).

Interveñen distintas socias e socios ( Guadalupe Pérez-Lafuente Leiro, Concepción López Sánchez, M<sup>a</sup> Purificación Taibo Casás, Mónica María García Casás, e outras/os); indicando que, efectivamente, para o traballo do día a día e para organizar as actividades da asociación, non se colabora habitualmente, salvo o grupo de socias/os que “sempre” están dispostos a traballar, pero a maioría só aparecen cando existe a posibilidade de participar nun proxecto como voluntaria/o.

Temos que intentar cambiar esta situación polo futuro da asociación, solicitando a colaboración de todas e todos no desenvolvemento das actividades sociais, prestándolle una especial atención ao voluntariado con cometidos específicos e persoa responsable que os coordine.

A Xunta Directiva deberá reflexionar sobre o futuro da asociación e propor a esta Asemblea Xeral, nunha futura reunión, as iniciativas que consideren oportunas para esta ONGD.

Non existindo máis asuntos que tratar, remata a reunión da Asemblea Xeral sendo as trece horas e corenta minutos, no lugar e data ao inicio indicada, elaborándose pola Secretaría a presente acta.

A Vicepresidenta

O secretario

Mónica M<sup>a</sup> García Casás

Antón Xosé González Artiaga